

Condições xerais do Contrato

Cal é o obxecto do Contrato asinado?

1. Obxecto

O presente contrato (o «Contrato») ten por obxecto a subministración de gas ou electricidade, e a prestación dos servizos contratados, por parte de Naturgy Clientes, S.A.U. («Naturgy») nas instalacións situadas no domicilio ou local que consta no encabezamento do Contrato nos termos que se detallan a seguir. Os posibles produtos contratados son:

- A subministración de gas natural canalizado.
- A subministración de electricidade.
- Os servizos de mantemento ou reparación.

En que momento se activa o Contrato e como se renova?

2. Entrada en vigor e duración

O presente Contrato terá unha duración dun (1) ano e prorrogarase tacitamente por períodos anuais, agás denuncia de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días á data do seu vencemento.

O Contrato de subministración de gas ou electricidade entrará en vigor cando se active o acceso ás redes da compañía distribuidora.

Unha vez finalizado o Contrato, o cliente comprométese a permitirlle a entrada no domicilio á compañía distribuidora se esta precisase suspender a subministración ou retirar o contador, e comprométese a aboar os importes en concepto de subministración ou de calquera outro que se puidese xerar ata ese momento.

Os Contratos de Servizos entrarán en vigor, como máximo, 72 horas despois da súa sinatura ou contratación telefónica.

O servizo de reparación con intervención urxente en menos de tres (3) horas terá unha carencia de quince (15) días dende a data da súa sinatura ou contratación telefónica. Cada un dos Servizos obxecto deste Contrato contrátase de forma individual, de xeito que a resolución dun non implica necesariamente a doutro, agás o disposto no artigo 5 do Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro.

O cliente poderá consultar se se produciu a activación do servizo ou da subministración de enerxía chamando ao teléfono de Atención ao Cliente. As causas de resolución son as previstas na condición 5 do presente Contrato.

Que precisas saber sobre os prezos contratados?

3. Condições económicas

- a) Os prezos da subministración de gas natural ou electricidade contratada son os establecidos nas Condições económicas do contrato. Calquera variación que se produza nas tarifas de acceso vixentes ou nos demais conceptos, taxas, impostos, actividades e valores regulados (incluídas as variacións do valor do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética), así como calquera outro que os substitúan ou que a Administración puidese aprobar para o período de vixencia do presente Contrato e que se devindiquen como consecuencia da subministración, poderán ser trasladados automaticamente aos prezos de subministración establecidos na medida en que sexan aplicables, sen que iso se considere unha modificación das condicións contractuais. Así mesmo, para a subministración de electricidade, Naturgy repercutirá ao cliente as variacións de prezo que se produzan polas diferenzas entre as perdas medidas en transporte e distribución, e as perdas estándar asignadas segundo marque a normativa vixente. En caso de supresión de calquera das tarifas de referencia, Naturgy comunicará ao cliente a nova fórmula de prezos que se vai aplicar, cunha antelación de dous (2) meses á súa entrada en vigor. Non obstante, se a supresión das tarifas de referencia se publicase con menos de dous (2) meses de antelación á data efectiva da súa supresión, Naturgy comunicará ao cliente a nova fórmula de prezos que se vai aplicar cunha antelación mínima dun (1) mes á súa entrada en vigor. Mentres non sexa aplicable a nova fórmula de prezos comunicada, Naturgy poderá seguir aplicando o prezo vixente ata que se elimine a tarifa de referencia. O cliente poderá optar por resolver o Contrato en calquera momento antes da entrada en vigor da nova fórmula de prezos aplicable. Os prezos da subministración de gas ou electricidade incluírán os impostos que correspondan [IVE/IXIC, imposto especial sobre a electricidade (IEE) ou imposto especial sobre hidrocarburos (IEH)]. Adicionalmente, na subministración de electricidade facturaranse os excesos de enerxía reactiva e potencia. Cando a potencia máxima tecnicamente admisible recoñecida pola compañía distribuidora sexa inferior á potencia contratada incluída neste Contrato, mentres non se regularice a situación, para os efectos contractuais considerarase como potencia contratada a devandita potencia máxima tecnicamente admisible.
- b) Servizos: Para a primeira anualidade, o prezo será o que figure nas Condições económicas, máis o IVE ou calquera outro imposto que grave este servizo. A partir do primeiro ano de vixencia, o prezo revisarase automaticamente cada mes de febreiro, tomando como base o IPC xeral interanual publicado polo Instituto Nacional de Estatística en xaneiro de cada ano. Calquera promoción ou desconto sobre o prezo ofrecido ao cliente por Naturgy limitase ás circunstancias específicas para as que foron concedidos e á duración da mencionada promoción ou desconto sen que se xere consolidación ou dereito ningún a manter o citado prezo. O cliente pode obter en calquera momento información actualizada sobre as tarifas aplicables chamando ao teléfono de Atención ao Cliente indicado na condición 13 ou accedendo á páxina web www.naturgy.es
- c) Compensación de excedentes: Os prezos aplicables para as modalidades de compensación con excedentes serán os que se detallan nas Condições económicas do Contrato (prezo da enerxía excedentaria do autoconsumo).

Que se pode modificar no Contrato?

4. Modificación das condicións

Naturgy poderá modificar as Condições económicas do presente Contrato coincidindo coa finalización de cada período de vixencia anual, información que deberá comunicar ao cliente cunha antelación dun (1) mes á súa entrada en vigor. O cliente poderá optar por resolver o Contrato en calquera momento antes do inicio da nova vixencia. Adicionalmente, excepto nos supostos de contratación da subministración de electricidade cun prezo fixo da enerxía (kWh) durante un ano, Naturgy poderá modificar as Condições económicas do Contrato comunicándollo ao cliente con dun (1) mes de antelación á súa entrada en vigor. O cliente poderá optar por resolver o Contrato en calquera momento antes da entrada en vigor da modificación.

Para a prestación do servizo de subministración eléctrica, Naturgy tramitará, por petición do cliente, calquera modificación da potencia contratada ou da tarifa de acceso contratada coa compañía distribuidora.

A modificación da potencia contratada está supeditada á súa concesión pola compañía distribuidora, que producirá efectos a partir da data da devandita concesión e suporá a variación dos prezos fixados nas Condições económicas do Contrato.

O aboamento dos dereitos de acometida, enganche e cantos outros conceptos legalmente establecidos, así como a realización das modificacións técnicas necesarias para que a instalación se axuste á normativa vixente, serán por conta do cliente.

Naturgy poderá modificar o resto das condicións deste Contrato e terá que comunicarllo ao cliente cun (1) mes de antelación á súa entrada en vigor. O cliente poderá optar por resolver o Contrato en calquera momento antes da entrada en vigor da modificación.

En que casos se pode resolver o Contrato?

5. Suspensión da subministración/causas de resolución do Contrato

a) A subministración de gas natural ou enerxía eléctrica poderá suspenderse polas seguintes causas:

- 1) Falta de pagamento; 2) indisponibilidade da rede de transporte ou distribución; 3) forza maior, motivos de seguridade ou tarefas de mantemento ou ampliación das instalacións; 4) utilización da enerxía subministrada na forma ou para usos distintos dos contratados; 5) realización de derivacións ou enganches a instalacións non previstas no Contrato, ou revenda ou cesión da enerxía subministrada a terceiros; 6) impedimento do acceso ao persoal autorizado pola compañía distribuidora para inspeccionar as instalacións ou para ler o contador; 7) manipulación das instalacións ou os equipos de medida ou control; 8) deficiente conservación das instalacións ou equipos correctores; 9) calquera outro incumprimento grave deste Contrato ou calquera outra causa legalmente prevista.

No caso de que se vaia proceder á suspensión da subministración por falta de pagamento ou por calquera outro incumprimento grave do presente Contrato, Naturgy solicitará a suspensión á compañía distribuidora cando transcorresen polo menos dous (2) meses dende o requirimento fidedigno de pagamento sen que este se fixese efectivo. Do mesmo xeito, calquera das partes poderá rescindir o Contrato por calquera incumprimento grave da outra e, en todo caso, o Contrato quedará resolto unha vez transcorridos os prazos establecidos na lexislación vixente dende a suspensión da subministración.

Sempre que sexa posible, Naturgy comunicará a interrupción da subministración de gas natural ou electricidade cun preaviso de corenta e oito (48) horas, indicando a data e causa da suspensión da subministración.

Cando a suspensión sexa imputable ao cliente, este aboará os gastos de desconexión, reconexión e outros derivados da suspensión, incluídos os xudiciais. No caso de instalacións con autoconsumo, cando existan instalacións perigosas por incumprimento dos requisitos técnicos ou cando se manipulasen o equipo de medida ou o mecanismo antivertedura, a empresa distribuidora ou, se é o caso, a empresa de transporte poderá interromper a subministración, de conformidade co disposto no artigo 87 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

b) Os Contratos de Servizos poderán resolverse no caso de:

- 1) Impagamento por parte do cliente dalgunha das facturas emitidas por Naturgy; 2) falta de corrección, por parte do cliente, nun prazo inferior a tres (3) meses, dos defectos ou anomalías detectados durante calquera das visitas de comprobación das instalacións previstas neste Contrato ou no caso de que o cliente non substitúa as pezas que o técnico de Naturgy considere necesarias para o correcto funcionamento da instalación ou equipamento; 3) modificación das coberturas ou Condicións económicas do Contrato por parte de Naturgy de acordo co establecido na condición 3 deste Contrato; 4) uso indebido das instalacións ou equipos por parte do cliente (manipulacións, intervencións de persoal non-qualificado, golpes etc.) ou contrario ás normas técnicas de seguridade vixentes; 5) imposibilidade de prestación do servizo por parte de Naturgy por falta de cobertura na zona xeográfica do cliente, con preaviso mínimo dun (1) mes, e 6) incumprimento, por calquera das partes, de calquera outra obriga derivada do Contrato.

Adicionalmente, os contratos Servigas Básico, Servigas Complet e Servielectric Complet poderán resolverse pola imposibilidade de realizar a revisión preventiva anual durante dous (2) anos consecutivos por causa imputable ao cliente.

Para resolver o Contrato, o cliente poderá dirixirse a Naturgy por calquera das vías indicadas na condición 13.

En que supostos se pode ceder ou subrogar o Contrato?

6. Cesión e subrogación do Contrato

O cliente, sempre que estea ao corrente do pagamento da subministración, poderá traspasar o seu Contrato a outro consumidor que o vaia utilizar no mesmo lugar e para o mesmo uso. En consecuencia, o novo usuario da subministración subrógase en todos os dereitos e obrigas estipulados neste Contrato.

Naturgy poderá ceder este Contrato a calquera outra sociedade comercializadora de gas ou electricidade do Grupo Naturgy. Para tal, deberá comunicarllo ao cliente previamente por escrito.

Como se paga a factura?

7. Condicións de pagamento

- a) Subministración de gas natural ou electricidade: A factura enviarase polos medios e ao enderezo que indicou o cliente. É responsabilidade do cliente comunicar a Naturgy calquera cambio ou modificación dos datos de contacto onde desexa recibir a factura, así como da súa veracidade, exactitude, vixencia e autenticidade. O pagamento realizarase dentro dos dez (10) días naturais seguintes ao día de emisión da factura. O cliente poderá modificar o método de pagamento desta en calquera momento. Naturgy poderá facturar tomando como base as lecturas reais e, na súa falta, as facilitadas polo cliente. No caso de non dispor de ningunha das lecturas anteriores, poderá facturarse en función de estimacións. Naturgy facturará, se é o caso, o alugueiro do contador por conta da compañía distribuidora. Cando a compañía distribuidora esixa a Naturgy, en virtude do contrato de acceso á rede, a entrega do depósito de garantía previsto no artigo 79.7 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou na lexislación que o desenvolva ou substitúa, Naturgy procederá a aboar a devandita cantidade no nome do cliente e cobraralla mediante o seu cargo na facturación da subministración de enerxía. A devolución do depósito de garantía será efectuada pola compañía distribuidora ao cliente, previa solicitude deste á propia compañía distribuidora, no momento en que se resolva formalmente o contrato de acceso, na forma establecida no artigo 79.7 do citado Real decreto ou na lexislación que o desenvolva ou substitúa.
- b) Servizos: O prezo do Contrato será anual e cobrarase mediante cotas mensuais que se aboarán a través da factura de subministración de enerxía (gas ou electricidade), sempre que a devandita subministración sexa prestada por Naturgy. Noutro caso, o pagamento deberá realizarse mediante domiciliación bancaria.
- c) Autoconsumo eléctrico. Modalidades con excedentes acollidas a compensación: segundo o especificado nas Condicións particulares. O importe das subministracións e servizos deberá aboalo o cliente nas súas datas de vencemento. As cantidades debidas e non-aboadas por calquera das subministracións e servizos contratados devindicarán xuros de mora [xuro legal incrementado en tres (3) puntos], sen necesidade de requirimento, dende a finalización do prazo de pagamento.

No caso de que se deban varios conceptos a Naturgy, os pagamentos parciais imputaranse segundo as instrucións do cliente e, na súa falta, en primeiro lugar, saldaranse os cargos por outros bens, servizos ou cobramentos e, por último, a subministración.

O cliente autoriza expresamente que se inclúa na factura de subministración o cobramento doutros bens ou servizos contratados con Naturgy, ou con calquera outra empresa pertencente ao Grupo Naturgy, así como aqueles conceptos que o cliente tivese que pagar a terceiros, incluíndo os pagamentos que teña que realizar á compañía distribuidora de acordo coa lexislación vixente.

Quen é o responsable da calidade da subministración?

8. Destino e nivel de calidade da subministración e servizos

A enerxía subministrada destinarase unicamente ao consumo do punto de subministración indicado no presente Contrato, polo que o cliente declara que ten xusto título para o uso da devandita vivenda ou local durante a duración do Contrato.

A calidade da subministración é responsabilidade da compañía distribuidora. En consecuencia, se o cliente ou Naturgy constatan que a calidade do servizo prestado é inferior á esixible, xestionarán coa compañía distribuidora as compensacións e reembolsos aplicables na súa facturación conforme os procedementos regulamentarios existentes. Así mesmo, os danos ocasionados a calquera aparello, equipo ou instalación do cliente orixinados pola sobretensión da rede eléctrica ou por cortes ou alteracións na subministración serán responsabilidade da compañía distribuidora.

En relación coas incidencias provocadas na rede de transporte ou distribución polas instalacións acollidas a calquera das modalidades de autoconsumo definidas no Real decreto 244/2019, rexerá o disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento e, en particular, o disposto no Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, para as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Isto recollerase expresamente no contrato de acceso que o cliente, directamente ou a través da empresa comercializadora, subscriba coa empresa distribuidora

ou, se é o caso, coa empresa transportista.

A empresa distribuidora ou, se é o caso, a empresa transportista non terán ningunha obriga legal en canto á calidade do servizo por incidencias derivadas de fallos nas instalacións de conexión compartidas polo produtor e o cliente.

E se cambias de opinión, que podes facer?

9. Dereito de desistencia

No prazo de catorce (14) días naturais, a partir da formalización do presente Contrato, o cliente poderá deixar este sen efecto enviando o formulario de desistencia que se achega por calquera dos medios indicados no devandito formulario ou chamando ao teléfono de Atención ao Cliente.

Os mellores profesionais á túa disposición, que servizo precisas?

10. Subcontratación

Naturgy poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros, sempre e cando dispoñan de todas as autorizacións preceptivas, a execución de calquera dos Servizos obxecto do presente Contrato.

Que debes saber sobre os datos que nos facilitas?

11. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, infórmase o cliente do tratamento dos seus datos persoais por parte do responsable do tratamento, Naturgy Clientes, S.A.U., con domicilio na Avenida de América n.º 38, 28028, Madrid, para o mantemento, desenvolvemento e xestión da relación contractual.

Infórmase o cliente de que, durante o proceso de contratación, Naturgy pode consultar información sobre a súa solvencia patrimonial e o incumprimento das obrigas pecuniarias, financeiras ou de crédito, o que levará á adopción dunha decisión automatizada sobre a aprobación ou denegación da súa solicitude de contratación.

Así mesmo, Naturgy informa o cliente de que, en función da relación contractual existente, Naturgy accederá no seu nome á aplicación de monitorización da instalación fotovoltaica, co fin de prestar o servizo de mantemento de xeito efectivo. Para iso, o cliente deberá facilitar a Naturgy o nome de usuario e contrasinal deste acceso para a súa correcta xestión. Se non o proporciona ou non é posible o acceso á aplicación de monitorización, a prestación do servizo por parte de Naturgy pode verse limitada.

Así mesmo, Naturgy tratará os datos do cliente para consultalo sobre o seu grao de satisfacción co servizo recibido ou o produto contratado, remitirle comunicacións informativas relacionadas co devandito produto ou servizo, realizar estudos de mercado, xestionar os impagamentos, elaborar un perfil básico comercial sobre o cliente e enviarlle comunicacións comerciais sobre produtos Naturgy semellantes aos xa contratados.

En caso de que se produza algún impagamento por parte do cliente, e de se cumpriren todos os requisitos establecidos na normativa aplicable, os datos relacionados co incumprimento das súas obrigas pecuniarias, financeiras ou de crédito poderán comunicarse ao sistema de información crediticia ASNEF, xestionado pola mercantil EQUIFAX IBÉRICA, S.L., ou a calquera outro sobre o cal informaremos oportunamente.

Ademais, solicitamos o consentimento do cliente, que poderá revogar libremente e de xeito gratuito en calquera momento, para os seguintes fins (fórnese información detallada sobre cada un deles na nosa Política de privacidade):

- Quero que os meus datos se comuniquen só a empresas do Grupo Naturgy e ás súas entidades colaboradoras para que me poidan ofrecer os seus produtos e servizos.
- Quero que Naturgy me remita, mesmo por medios electrónicos, comunicacións comerciais de produtos e servizos, propios ou de terceiros colaboradores de Naturgy, aínda que sexan diferentes aos que xa teña contratados, e mesmo despois de finalizar a miña relación contractual con Naturgy.
- Quero que Naturgy realice un perfil complexo sobre a miña persoa con fins comerciais, empregando para iso tanto os datos derivados da miña relación contractual coma outros obtidos de terceiras fontes, públicas ou privadas, co fin de predicir produtos ou servizos que me poidan interesar.

O cliente ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os seus datos persoais, limitar e oporse ao tratamento e á portabilidade dos seus datos, e revogar o seu consentimento en calquera momento, tal e como se explica con máis detalle na nosa Política de privacidade. Para exercer os seus dereitos, poderá dirixirse por escrito a Plaça del Gas n.º 2, 08003 Barcelona, Atn. Derechos LOPD Cliente, ou ao enderezo de correo electrónico arconaturgyclientes@naturgy.com, achegando unha copia do documento que acredite a súa identidade (DNI/NIE).

En calquera caso, o cliente pode atopar información detallada sobre protección de datos persoais na nosa Política de privacidade, que está dispoñible en www.naturgy.es/legal/nc_politica_privacidad_naturgy_clientes.

Como entraremos en contacto contigo e como podes contactar connosco?

12. Comunicacións/enderezo legal

Consideraranse validamente feitas todas as notificacións ao cliente (incluídas as relacionadas coa xestión do cobramento) realizadas a través da factura do gas ou da luz, por correo ordinario ou electrónico ao enderezo facilitado polo cliente, así como por mensaxes de voz, SMS ou WhatsApp ao teléfono móbil proporcionado polo cliente. O enderezo legal (domicilio social) de Naturgy é: Avenida de América, n.º 38 - 28028 Madrid.

Como te atenderemos cando nos necesites ou non esteas satisfeito co que che propomos?

13. Servizo de Atención ao Cliente/vías de resolución de conflitos

Para calquera tipo de queixa, reclamación e incidencia en relación co servizo contratado ou ofertado, así como calquera solicitude de baixa ou de información sobre aspectos relacionados coa contratación, subministración ou comunicacións recibidas, pode dirixirse por escrito ao Departamento de Atención ao Cliente de Naturgy, situado na Plaça del Gas n.º 2, 08003 Barcelona; acudir en persoa aos centros de Atención ao Cliente indicados no sitio web www.naturgy.es; chamar o servizo de atención telefónica 912 100 100 / 900 385 425; enviar un fax ao 900 100 360, ou escribir ao enderezo de correo electrónico naturgyclientes@naturgy.com.

As reclamacións ou discrepancias que xurdan en relación co seu Contrato de subministración ou coas facturacións derivadas deste poderá resolvelas administrativamente a Oficina Municipal de Información ao Consumidor ou o órgano competente en materia de consumo ou enerxía. Ademais, se non está de acordo coa resolución achegada ou se non recibiu resposta transcorridos 30 días, os consumidores e usuarios poden contactar coas Xuntas Arbitrais de Consumo que forman parte do Sistema Arbitrais de Consumo ao que Naturgy está adherida. Consulta aquí <https://www.dscgob.es/es/consumo/resoluci-n-alternativa-de-conflictos/listado-entidades-notificadas-comision-europea-autoridades-competentes-espana> a lista de entidades de resolución alternativa de conflitos de consumo acreditadas que forman parte do sistema nacional e foron notificadas á Comisión Europea

Se temos opinións diferentes, onde poderemos resolvelas?

14. Foro

Ambas as partes contratantes sométense á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais do lugar onde se realice a subministración.

Que queda fóra da responsabilidade de Naturgy?

15. Exclusión de responsabilidade de Naturgy

Naturgy non será responsable dos danos persoais ou materiais derivados dun uso ou conservación indebidos dos elementos cubertos polo presente Contrato, agás que os devanditos danos sexan debidos ás actuacións de Naturgy.

Naturgy tampouco será responsable dos danos causados a terceiros polos elementos cubertos no presente Contrato nin dos danos ocasionados aos devanditos elementos por xeadas, incendios, explosións, inundacións ou outras catástrofes.

O cliente declara coñecer que as intervencións de Naturgy sobre aparellos ou instalacións que estean en período de garantía son susceptibles de interromper a vixencia desta, polo que asume a devandita consecuencia derivada da intervención de Naturgy, a quen manterá indemne neste sentido.

Deberías saber algo máis?

16. Outros asuntos de interese

Se desexas información sobre medidas de eficiencia enerxética, perfís comparativos do teu consumo enerxético e as especificacións técnicas dos electrodomésticos que poidan servir para reducir o teu consumo, podes consultar a:

a) IDAE Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía: www.idae.es, C/ Madera, 8 - 28004 Madrid - Tel.: 913 146 673

b) CNMC: www.cnmc.es, Sede Alcalá: Alcalá, 47 - 28014 Madrid - Tel.. 914 329 600